

---

**Data:** 20.04.2024 **Hora:** 17:45

**Asunto:** DECISION nº 20 **Doc. Nº:** 66

---

**De:** Comisarios Deportivos

**Para:** Concursante nº 14

---

Os Comisarios Deportivos, tras recibir o informe de recoñecementos GPS, no que figura que o dorsal nº 14 excede a velocidade máxima permitida nos recoñecementos en un total de doce (12) ocasións, concretamente durante os recoñecementos dos T. C. A, B e D, 13 de abril de 2024, entre as 11:59 h. e 19:38 h., e o 14 de abril de 2024, entre as 11:05 h. e as 15:26 h., con un pico máximo de 117 km/h, e un intervalo máximo de 41 segundos; consideraron o asunto e determinan o seguinte:

**Piloto y vehículo nº:** 14. Abel Pampillón Jorge

**Concursante:** Pontevedra 1984 Team

**Data e hora dos feitos:** 13 de abril de 2024, entre as 11:59 h. e 19:38 h., e o 14 de abril de 2024, entre as 11:05 h. e as 15:26 h.

**Feito:** Exceder a velocidade máxima permitida nos recoñecementos.

**Infracción:** Incumprimento do art. 18.2 Regulamento Deportivo do Campionato Galego de Ralis.

**Decisión:** Descalificación da XXXVIII edición do Rali Barberecho de Noia.


**Razón:** O art. 18.2 do Regulamento Deportivo do Campionato Galego de Ralis establece que, durante os recoñecementos, *"a velocidade máxima nos treitos a recoñecer será de 80 km/h. e será controlada por GPS"*, baixo a imposición de una sanción de 30 segundos por cada infracción.

O informe de GPS establece que o equipo con dorsal 14 excede a velocidade máxima permitida en nos recoñecementos nun total de doce ocasións, con un pico máximo de 117 km/h, e un intervalo máximo de 41 segundos. Tendo en conta a gravidade dos feitos, a súa reiteración durante as dúas xornadas nas que o equipo efectuou os

recoñecementos, e que no momento da comparecencia e da elaboración de esta decisión o equipo está fora de carreira por avaría, o que imposibilita a imposición de una sanción de tempo -sanción que ascendería a 6 minutos-, o CCDD decide descalificar ó equipo con dorsal nº 14 da XXXVIII edición do Rali Berberecho de Noia.

Según o art. 12.3.3 C.D.I., esta decisión é inmediatamente executiva incluso en caso de apelación.


**Recórdase ós concursantes que teñen dereito a apelar certas decisións dos Comisarios Deportivos según o Art. 15 do Código Deportivo Internacional, dentro dos prazos de aplicación.**



D. Rubén Carballo Iglesias  
Presidente CC.DD



D.ª Alessandra Dosil Vázquez  
Comisario Deportivo



D.ª Laura Piñeiro Gontá  
Comisario Deportivo

<b>Recibido polo concursante</b>	
Nome:	.....
Cargo:	.....
Firma:	.....
Data:	.....
Hora:	.....